

CAPÍTULO I: DENOMINACIÓN, FINS E ENDEREZO



Artículo 1: Constitúese en Piño, A POBRA DO BROLLÓN unha asociación sen ánimo de lucro que se denominará **ASOCIACIÓN VECINAL DE PIÑO SANTA BACABRA**.

A constitución rexerese polos presentes estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións que se aplica.

Artículo 2: Son fins principais da asociación:

- A. As melloras do nivel cultural e de vida dos asociados e das súas familias.
- B. A promoción e defensa das mulleres e a súa familia en temas de interese social, cultural, laboral e comunitario, con especial dedicación a resolver cuestións que afectan á problemática da muller.
- C. Dado o carácter agrícola da zoa prestarase atención a explotación dos montes comunais para unha maior previsión de futuro..
- D. Traballarase especialmente polo desenvolvemento da nosa aldea para equiparala con outras aldeas europeas.
- E. A asociación poderá facilitar terreos ou edificios do seu patrimonio para súa utilización ou instalación de todo tipo de obras e servizos.
- F. Crearase dentro desta Asociación de Veciños unha sección xuvenil, con socios comprendidos entre os 14 e 18 anos, nese momento pasarán a ser socios de número. Seus membros non terán voz nin voto nin poderán ser elixidos para cargos dentro da Asociación. Seus fins entre outros, serán os da promoción do asociacionismo xuvenil e a realización de actividades, teatro, competicións, acampadas, intercambios, etc.. Traballarase especialmente cos xoves promovendo o ocio e entretemento dos mesmos, procurando a súa mellora en tódolos niveis.
- G. A promoción e defensa de intereses de todo tipo que correspondan á comunidade que integra dita Asociación.

Artículo 3: Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá promover actividades como: actividades de animación e participación xeral dos membros da familia en actividades culturais e deportivas, realizar xestións encamiñadas a conseguir mellores servizos á comunidade, sobre todo en temas de servizos, educativos, sanitarios, medioambientais, infraestructura (camiños, luz, teléfono, etc.) colaborando cos organismos e institucións responsables para conseguir unha mellor solución destes problemas (para a mellor consecución destes fins realizaranse, entre outros, actividades divulgadoras en temas de consumo, alimentación y nutrición, seguridade social, sanidade, servizos sociais, etc.), promoverase a promoción da muller rural, sostendo actividades de formación persoal, capacitación profesional agraria ou posibles saídas a outras provincias. Traballo asociado, biblioteca xogos varios, conferencias, charlas formativas, excursións, actividades artísticas e deportivas, etc..

A realización destas actividades non priva que se poida programar ou facer outras diferentes, para o mellor cumprimento dos fins da asociación. Carecendo todas elas de fins lucrativos.

Artículo 4: O domicilio social, radicará no Local Social, s/n Piño- Pobra do Brollón, 27333. Seu ámbito de actuación será a aldea de Santa Maria de Piño, en A Pobra do Brollón, Lugo.

A duración desta asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en reunión xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da constitución e o resto do ordenamento xurídico.

CAPÍTULO II DOS SOCIOS

Artículo 5: Teñen a condición de socios fundadores os que asinen a acta de constitución da Asociación.

Artículo 6: Poderán ser membros da asociación tódalas persoas que teñan enderezo ou que están estreitamente relacionados ca aldea de Piño, maior idade, con capacidade de obrar, e co soliciten voluntariamente. Estes socios terán carácter de numerarios.

Artículo 7: A aspiración da asociación é ter polo menos un asociado por casa aberta e habitada en Piño.

Artículo 8: A admisión de socios é facultade da Xunta Directiva, que decidirá nun prazo non superior os 15 días si procede ou non a súa admisión, de acordo cos seguintes puntos.

Handwritten signatures and scribbles on the left margin of the document.

- A. Os aspirantes a socios, domiciliados e maiores de idade que soliciten o ingreso correctamente, serán necesariamente admitidos.
- B. A Xunta Directiva reservase o dereito de admitir ou non, a aqueles aspirantes a socios que non residan ou esten estreitamente relacionados coa aldea.
- C. A Xunta Directiva reservase o dereito de readmitir a aqueles socios expulsados con anterioridade.



Artigo 9: Tódolos socios terán igualdade de dereitos, sempre que estean ao corrente do pago das cotas que se establezan, e que cumpran estas normas estatutarias.

Artigo 10: Os socios terán dereito a:

- Tomar parte nas asembleas con voz e voto.
- Poder elixir e ser elixidos para cargos directivos.
- Tomar parte en cantas actividades organice a asociación en cumprimento dos seus fins.
- Gozar de tódalas vantaxes e beneficios que a asociación poda obter.
- Ter copia destes estatutos.
- Ser informados sobre a composición da xunta directiva.
- Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da asociación.
- Facer suxestións ós membros da xunta directiva en orde a mellora-lo cumprimento dos fins da asociación.
- Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.

Artigo 11: Son obrigas dos asociados e asociadas:

- Prestar cantos servizos determinen os estatutos, o regulamento de réxime interno e os acordos das asembleas xerais.
- Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
- Asistir ás asembleas xerais.
- Satisfacer as cotas que se establezan.
- Observar unha boa conduta individual e cívica.
- Cumprir os acordos da asemblea xeral e o contido dos estatutos.

Artigo 12: Perderase a condición de socio:

- Por falta de pago das cotas por tempo maior a un ano.
- Por decisión da Xunta Directiva, con audiencia do interesado, se o desexa, e confirmada pola xunta xeral.
- Por acordo da xunta xeral. Contra a resolución da xunta xeral poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.
- Por mal trato as instalacións.
- O socio que por estas razóns cause baixa, non terá dereito a recibir indemnización ou retorno das aportacións que fixera á asociación.
- Por petición de baixa voluntaria.
- Cando a baixa se produza por vontade do asociado ou asociada deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.
- Os asociados/as poderán pedir a separación temporal por escrito.
- A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun asociado cando se estea tramitando un expediente sancionador ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o atraso no pago da algunha cota ou comportamentos que afecten a boa marcha da asociación. O expediente sancionador recollerase no regulamento de réxime interno, pero en todo caso a resolución poderase recurrir perante a xurisdición ordinaria.

CAPÍTULO III SOBRE A ADMINISTRACIÓN E GOBERNO

Artigo 13: A dirección e administración da asociación serán exercidas polo presidente, a xunta directiva e a asemblea xeral.

Artigo 14: A xunta xeral, por voto mediante elección secreta elixirá os membros da xunta directiva, e os cargos que cada un desempeñará dentro dela. Os cargos serán: Presidente, Vicepresidente, Secretario e Tesoureiro. Haberá tantos vocais como sexan necesarios para o desenvolvemento da asociación.

Handwritten signatures and initials on the left margin, including a large scribble at the top, a signature below it, and several other signatures and initials further down.

Artigo 15: A actuación da xunta directiva é decisoria e executiva. Os acordos requiren maioría dos presentes, e en caso de empate, decidirá o voto do presidente.

Artigo 16: Tódolos cargos da xunta directiva serán totalmente gratís. Serán remunerados os gastos feitos en representación da sociedade, os gastos de viaxes e desprazamentos, en concepto de dietas prefixadas pola xunta directiva.

Artigo 17: A Xunta Directiva reunirse polo menos unha vez cada tres meses, baixo a presidencia do seu titular ou do Vicepresidente se aquel faltare. A falta dun mesmo directivo en tres reunións consecutivas, dará lugar o seu cese no cargo. A xunta directiva considerase constituída, en plena convocatoria, cando se atopen no local polo menos o Presidente, o Vicepresidente, o Secretario e os demais membros, sempre que o seu número sexa igual a metade máis un de tódolos compoñentes da xunta.

É función da xunta directiva programar e dirixir as actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica da asociación, someter á aprobación da asemblea xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Así mesmo procederá a convocar e fixa-la data da asemblea xeral, fixa-las cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, designa-las comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación, dictar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á asemblea xeral. Corresponderalle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola asemblea.

Artigo 18: A xunta directiva reunirse con carácter extraordinario cando sexa convocada polo Presidente ou sexa convocada pola metade máis un de tódolos compoñentes da xunta. Neste derradeiro caso, dende a solicitude ata a súa celebración non pasarán máis de 10 días.

Artigo 19: Corresponderalle o Presidente: a representación legal e oficial dos documentos da asociación, a sinatura de documentos, convoca-las xuntas, dirixir-las debates nas sesións, decidindo no seu caso co voto de calidade, cumprir e facer cumprir os acordos das xuntas directivas e xuntas xerais, resolver por si mesmo tódalas cuestións que pola súa importancia ou urxencia sexa necesario para mellora-lo cumprimento dos fins da asociación, estando obrigado a dar conta á xunta directiva, autorizar coa súa sinatura as actas, certificacións e outros documentos.

Artigo 20: O Vicepresidente substituirá o Presidente no caso de ausencia ou enfermidade, pola súa delegación poderá desempeñar as funcións do Presidente.

Artigo 21: O Secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro de rexistro de asociados e terá ó seu cargo a realización dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle así mesmo notifica-las convocatorias e custodia-las actas e expedir certificacións destas co visto e prace do Presidente.

O Secretario correspóndelle tamén levar o inventario dos bens da asociación nun libro establecido ó efecto.

Artigo 22: O Vicepresidente axudará o Secretario na tarefa das súas funcións, será seu substituto no caso de enfermidade ou ausencia.

Artigo 23: O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente, dirixirá a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participando en tódalas operacións de orde económico. Fará posible o cobro das cotas dos asociados.

Artigo 24: A xunta directiva renovarase cada catro anos. Poderanse reelixir-las cargos.

Artigo 25: Ademais das funcións xurídicas e das derivadas da súa plena soberanía e dominio que inspiran estes estatutos, as xuntas aseguraranse o procedemento que estatutariamente se expresen.

Artigo 26: A asemblea xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por tódolos integrantes desta. O Presidente e o Secretario da asemblea serán os mesmos que os da xunta directiva.

A asemblea xeral ordinaria reunirse necesariamente dentro dos tres primeiros meses do ano e será convocada pola xunta directiva con quince días de anticipación, expoñendo o orde do día, no que figurará alomenos a lectura e aprobación da acta anterior, aproba-lo plan de actividades, examinar e aproba-lo memoria de actividades, aproba-las orzamentos de ingresos e gastos de cada exercicio, exame e aprobación das cotas, o estado de contas e rogos e preguntas. A notificación farase nos locais da asociación para as asembleas ordinarias e no domicilio dos asociados para as asembleas extraordinarias.



Handwritten signatures and initials on the left margin, including a large scribble at the top, several names, and a date '11/11' at the bottom.

A asemblea xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez o ano, e con carácter extraordinario tantas veces o acorde a xunta directiva, ou o soliciten o 10 % dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.



Art. 27: Poderanse ter xuntas xerais extraordinarias convocadas pola xunta directiva ou por solicitude do 10 % dos socios para discutir problemas de gran importancia:

- A. Modifica-los estatutos da asociación.
- B. Elixi-los integrantes da xunta directiva.
- C. Aproba-la federación con outras asociacións.
- D. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- E. Acorda-la disolución da asociación.
- F. Designa-los/as liquidadores/as
- G. Ratifica-la expulsión de asociados e asociadas a proposta da xunta directiva.
- H. Solicita-la declaración de utilidade pública da asociación.
- I. Aprobe-lo regulamento de réxime interno da asociación.
- J. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan espera-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.
- K. Tódalas non conferidas expresamente á asemblea xeral ordinaria ou a xunta directiva.

Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos os apartados A, B, C, D, E, F e G, que requirirán maioría de dous tercios. A continuación levaranse os acordos ó libro de actas e asinará o/a Presidente/a, o/a Secretario/a da asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola asemblea xeral e aprobada por maioría. Estes acordos obrigarán a tódolos/as asociados/as, incluso ós/ás non asistentes.

Au sesións abriranse cando así o determine o presidente. Seguidamente procederase por parte do secretario á lectura da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o Secretario procederá a introducir-la orde do día. Cada punto será informado polo membro da xunta directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día o Presidente levantará a sesión.

Artigo 28: As xuntas xerais terán validez cando en primeira convocatoria asiste a metade máis un dos seus compoñentes, os acordos serán válidos cando sexan tomaos por maioría simple. En segunda convocatoria, media hora despois, os acordos serán válidos por maioría simple.

Artigo 29: As xuntas xerais serán dirixidas polo Presidente da asociación, e no seu defecto, polo Vicepresidente ou por calquera membro da xunta directiva que esta designe.

Os acordos que valian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos en reposición perante a asemblea xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

CAPITULO IV: SOBRE OS RECURSOS ECONÓMICOS

Artigo 30: Os medios económicos da asociación estarán constituídos polas cotas dos socios/as e os bens móbiles, rendas, subvencións, doazóns e outras aportacións se poidan recibir, que a asociación acepte.

Artigo 31: Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola asociación.

Artigo 32: A cota establecerase en cantidade anual ca xunta xeral acorde, coa posibilidade de modifica-la posteriormente pola mesma xunta. O sistema de recadar-las cotas será establecido pola xunta directiva.

Artigo 33: Na data da constitución desta asociación carece de patrimonio fundacional. A DATA DE PECHER DO EXERCICIO ECONÓMICO COMENZARÁ O 31 DE DECEMBRO.

Artigo 34: Calquera decisión de compra de terreos ou bens para a asociación terá que ser aprobada en xunta extraordinaria.

Artigo 35: Nas entidades bancarias onde a asociación teña depositado os seus fondos, deberán ter recoñecida a sinatura do Presidente, Vicepresidente e Tesoureiro, para utilizala de forma mancomunada polo menos dous deles, nas extraccións dos mesmos.



CAPÍTULO V: MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 35: Os presentes estatutos poderanse modificar a proposta da xunta directiva ou 1/4 dos socios. A convocatoria da asemblea xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, establecéndose un prazo de 7 días para que calquera socio/a poida dirixir á secretaría as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada asemblea e entregaranse cunha antelación mínima de 3 días á súa realización.

Artigo 36: Para ser aprobada a reforma dos estatutos será necesario o voto favorable dos 2/3 dos membros da asemblea xeral de socios.

Artigo 37: A asociación disolverase polas seguintes causas:

- Pola vontade dos asociados/as acordada polas 2/3 partes deles.
- Por outras causas determinadas legalmente.
- Por sentenza xudicial.

Non se poderá disolver a asociación mentres queden de alta o 10% dos socios, sobre a media dos que houbera durante a permanencia desta asociación.

Artigo 38: Acordada a disolución, a asemblea xeral extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores que, xunto ó/a Presidente/a e ó/a

Tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 39: O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase, despois de trancurrido un ano, a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que teña seu ámbito de actuación no Concello de A Pobra do Brollón e que teña os mesmos ou similares fins ós desta asociación.

O documento de doazón será presentado no rexistro de asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

En Píño a..... de de 2....

O PRESIDENTE

O VICEPRESIDENTE

O TESOUREIRO

O SECRETARIO

Carla Suárez



DILIXENCIA:

Quedan visados os presentes estatutos da asociación **ASOCIACIÓN VECIÑAL DE PIÑO "SANTA BÁRBARA"**, correspondéndolle o número **9197**, da sección 1ª, do Rexistro Provincial de Asociacións desta delegación, consonte co establecido na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo.



Lugo, 19/12/2005
A delegada provincial

Fdo. Begoña Santos Fernández